

UNIDADE DIDÁCTICA 4ª

Activa oradar

Está en ti

Transforma as desigualdades
de xenero



PRIMERA ACTIVIDADE

“E ti que opinas?”

Segundo vaiades escoitando as seguintes frases, debes poñervos de forma individual no lugar que mellor exprese a vosa opinión en relación a ela. Imos aló!

O amor é algo máxico
Amor significa ter confianza na
parella
O amor pode con todo
Por amor hai que perdoar todo
Amar significa respectar a forma de
ser da outra persoa
As rapazas e os rapaces somos
diferentes


Falso

Verdadeiro

Ao debate! E vós...que pensades?

- **Que é o amor verdadeiro?**
- **Que significa namorarse de verdade?**
- **Creedes que hai alguén que encaixará convosco?**
- **Temos por aí á nosa media laranxa?**
- **O amor dura para sempre?**

SEGUNDA ACTIVIDADE



“Analícemos o vídeo”

Que vos di o voso radar ao observar esta situación?

De que falan a maioría das cancións?

Algunhas reflexións importantes...

“o amor todo o pode”, “o sufrimento é inevitable”, “ter parella é algo esencial na vida”, “os celos son unha proba de amor”,...

Estas mensaxes **falan de cousas que nada teñen que ver co amor** senón co control, a dependencia, a violencia...comportamentos que nada teñen que ver coas relacións baseadas no respecto, a comunicación, a liberdade, a igualdade,...

Ficha “Caldo de amor”

En pequenos grupos, pensade en que ingredientes deberían ter as relacións saudables.

CALDO DE AMOR	
✓	
✓	
✓	
✓	
✓	
✓	
✓	
✓	
✓	
✓	



Ao debate! E vós...que pensades?

- Hai ingredientes comúns entre os diferentes “caldos de amor” que preparaches?
- Que ingredientes son diferentes?
- Pensades que falta algún ingrediente que non puxeramos? Sobra algún?
- Pensades que sempre tiveron os mesmos ingredientes? En que puideron cambiar?

TERCEIRA ACTIVIDADE

LISTADO DE CANCIÓNS QUE APARECEN:

- ♪ *Manuel BB - As instrucións (canción inspirada en Anuel AA - el manual)*
- ♪ *Seica - Chama ao 112 (canción inspirada en Sech - 911)*
- ♪ *Pedro Capote e Cazurro - Amodiño (canción inspirada en Pedro Capó, Farruko - Calma)*
- ♪ *Alfredo Das Brañas - Acendeuse a luz (canción inspirada en Fred De Palma - Se iluminaba)*
- ♪ *Ozono – Miña Ruliña (canción inspirada en Ozuna -Mi Niña)*
- ♪ *Sevasnoiate e Guainanai – Moza xeitosa (canción inspirada en Sebas Yatra, Guaynaa – Chica ideal)*
- ♪ *MTZ Manolo Chourizo e Maldunha - Amor en urxencias(canción inspirada en Manuel Turizo e Maluma – Amor en coma)*
- ♪ *Ozono– Chuchería (canción inspirada en Ozuna – Caramelo)*

Ficha “Pero que me cantas?”

RETROUSO 1

♪ MTZ Manolo Chourizo x Maldunha - Amor en urxencias

Que será da miña vida o día en que se afaste do meu lado?

Soño con que esteamos xuntos para sempre e nunca nos deixemos

É o meu plan de vida

Causarame unha ferida

Cando me diga que non sente o que sentía

RETROUSO 2

♪ Ozono - Chuchería

Toma dálle ven márame

Dime dálle nena maltrátame

Se quere' ir de viaxe sen min téño que saber

Se se namora eu nada vou perder

Porque xa é miña

RETROUSO 3

♪ Manuel BB - As instrucións

O destino fixo que nos coñeceramos

Despois de ti, nada será igual

Ti fasme moito mal, non te podo deter

Eu quero ser o teu prisioneiro

RETROUSO 4

Alfredo Das Brañas - Acendeuse a luz

Dime que o amor non ten ciencia

Dime que o amor non é só coincidencia

A túa frecha atravesoume o corazón

Era cousa do destino

De que tratan os retrousos?

Credes que existe algún tipo de violencia neles?

Tratan algunha historia de amor? En caso de que si, como vos imaxinades esa relación?

As cancións inflúen na forma que temos de namorarnos?

Ao debate! E vós...que pensades?

- Cantas das cancións que coñecedes tratan sobre amor de parella?
- Fálase de parellas non heterosexuais nalgunha canción? Cales?
- Cantas tratan sobre outros temas que non sexa o amor de parella? Coñecedes algunha?
- Cales son os temas que máis se repiten nas cancións?
- Existe violencia dalgún tipo nas cancións?

Algunhas reflexións importantes...

- Hai que **tomar conciencia sobre o impacto que xera en nós a música que escoitamos a diario** e a influencia que ten na construción dos roles, estereotipos e mandatos de xénero, así como a nosa idea do amor romántico, **é fundamental para manter unha postura crítica que rache con todo isto.**
- **As mensaxes machistas e sexistas están tan normalizadas no noso día a día que non nos decatamos cando cancións do pop que sonan nas principais listas da radio, como por exemplo “No soy de esas”, que promoven actitudes de violencia.**

Para seguir aprofundando...



Actividade “Fai que chegue a máis persoas do cole o radar TDX. Aceptas o reto?”

- 1º. Pensa un título** para o microvídeo da campaña que acabas de ver.
- 2º. Elabora un cartel** e adórnao como máis che guste.
- 3º. Colócao** no lugar da aula que che indique profesorado.